MODIFICACIÓN PÚNTUAL Nº 3 DO PROXECTO DE ORDENACIÓN DO MEDIO RURAL CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL

CONTESTACIÓN AO INFORME DE PATRIMONIO

Calixto Escariz S.L.U.

Febreiro 2.018

Documento de resposta ao Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 01/06/17 para a subsanación do documento da Modificación Puntual Nº 3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario.

1. INTRODUCCIÓN.

O presente documento ten como obxecto dar resposta ao Informe emitido pola Directora Xeral do Patrimonio Cultural, Dna. Mª Carmen Martínez Ínsua, en data de 1 de xuño de 2017, emitido tras a solicitude formulada polo Concello de Mondariz-Balneario de informe sectorial en materia de patrimonio cultural do documento da Modificación Puntual Nº 3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario, o cal foi aprobado inicialmente polo Pleno do concello en sesión de data de 25 de xaneiro de 2017.

Así pois, e seguindo a estrutura do informe emitido por esa Dirección Xeral procedéronse a efectuar as subsanacións no documento da Modificación Puntual Nº 3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario.

2. MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS.

Con respecto do patrimonio arquitectónico e etnográfico, no apartado 3 do precitado Informe establécense unha serie de extremos a rectificar, correspondentes con:

a) Revisión do Catálogo:

1. O documento deberá incluir unha revisión do catálogo nas áreas sobre as que se propón a modificación, en virtude do artigo 81.2 da LSG, no que se prevexan as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos seus elementos. O catálogo recollerá todos os elementos identificados tras o preciso traballo de campo e que se deban protexer, conservar e poñer en valor.

   Aos bens incluídos no apartado 5.2.1 do Tomo I da Memoria Informativa (cuxa relación debería figurar no novo Anexo do Catálogo de Bens Protexidos) engadiranse os que proceda, segundo o sinalado no artigo 91 da LPCG. Ademais dos incluídos no ámbito da MP, identificaranse aqueles cuxo contorno de protección se poida ver afectado polas modificacións.

Tense procedido á revisión do Catálogo do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario, resultando remitido o documento elaborado a tal respecto ó Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en data de 02-02-2017 (Rexistro de Saída 57), atopándose a data actual tal documento pendente de Informe por dito Departamento Territorial.

Resultando introducidas as modificacións contempladas en tal documento de revisión de Catálogo no documento da Modificación Puntual Nº 3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario con respecto dos bens afectados directamente ou no seu contorno de protección por dita Modificación Puntual, seguindo a nomenclatura de dito documento e incorporándose na Memoria Informativa a relación de bens catalogados, así como o catálogo anexo e o plano de situación dos mesmos.

3. O catálogo conterá unha ficha individualizada de cada elemento na que se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, localización e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación (Artigo 81.3 da LSG).

No documento de revisión do Catálogo do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario inclúese unha ficha individualizada por cada ben co contido esixido no art. 81.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo e Urbanismo de Galicia que se introducen no documento da Modificación Puntual Nº3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario dos bens afectados directamente ou no seu contorno de protección por dita Modificación Puntual.

4. A delimitación dos bens catalogados deberá ter en conta que estes están constituídos tanto polo propio ben como por aqueles elementos sen os que o ben quedaría descontextualizado, polo que con carácter xeral, deberá recollerse e protexerse tamén a parcela que os contén e elementos que lle sexan propios.

Na delimitación dos bens catalogados realizada en dito documento de revisión do Catálogo se teñen tomado en consideración os elementos que contextualizan estes e por conseguinte os elementos que se inclúen no catálogo anexo da documentación da Modificación Puntual Nº3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario.

b) Bens catalogados no núcleo de San Pedro.

2. A MP3 contén un apartado de Análise do Modelo de Asentamento Poboacional, que inclúe fotografías de hórreos e cruces no núcleo de San Pedro. Posto que este se ve afectado pola Modificación Puntual, deberían de identificarse e pasar a formar parte do Catálogo (coa ficha correspondente), os elementos que poidan ter a consideración de BIC segundo o establecido no artigo 92 da LPCG. Igualmente, serán catalogados os que non teñen a condición de BIC, pero contan con valores artísticos ou etnográficos.

Tendo sido incluídos no documento de revisión do Catálogo todos aqueles bens que deben ser considerados como Bens de Interese Cultural, así como aqueles catalogados por contar con valores artísticos ou etnográficos, en consecuencia tamén se recollen neste, aqueles ubicados no núcleo de San Pedro que se inclúen no catálogo anexo da documentación da Modificación Puntual Nº3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario e que se relacionan a continuación:

- A_016. Capela do San Pedro.
- A_035. Casa con portalón monumental.
- E_009. Canastro tradicional.
- E_010. Muiño de González Blanco.
- E_016. Calvario das Pedras.
- E_017. Portalón monumental.
- E_021. Fonte do Souto de Abaixo.

- E_023. Portalón monumental, pombal e hórreo.
- E_025. Muiño das Pedras.
- E_026. Fonte de Bouzavedra.
- E_029. Muiño da Rateira.
- E_032. Portalón monumental.
- E_033. Portalón monumental e barral.
- E_049. Canastro tradicional.
- E_050. Canastro tradicional.
- E_051. Canastro tradicional.
- E_052. Canastro tradicional.
- E_053. Canastro tradicional.
- E_054. Canastro tradicional.
- E_055. Canastro tradicional.
- E_056. Canastro tradicional.
- E_067. Canastro tradicional.

c) Identificación cartográfica:

5. A Ordenanza municipal reguladora de protección do Patrimonio Histórico-Artístico e Etnográfico do POMR, establece no seu punto 5º, que dentro das áreas de protección que se sinalan, será preciso un informe previo da comisión de patrimonio histórico, que terá carácter vinculante, para realizar actos suxeitos a licenza municipal, segundo o *artigo 168 da Lei 1/1997 do solo de Galicia.*

   As áreas de protección para os elementos puntuais, dentro das que cómpre o dito informe, estarán constituídas por unha franxa situada a unha distancia de 50 ou 100 m., medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe, segundo se trate de elementos etnográficos ou arquitectónicos.

   Recoméndase revisar e adaptar o contido deste artigo, ao disposto no artigo 38 da LPCG, contornos de protección subsidiarios. En calquera caso, quedarán claramente identificados na cartografía e a unha escala adecuada, os elementos protexidos na actualidade e os que se incorporen ao catálogo. Cando menos, os situados no ámbito da modificación e aqueles cuxo contorno se poida ver afectado.

O obxecto da Modificación Puntual Nº 3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario non comprende a revisión de toda a normativa de dito instrumento de planeamento, non incidindo na Ordenanza reguladora da protección do Patrimonio Histórico-Artístico e Etnográfico.

Téndose procedido á debida identificación cartográfica de todos os elementos protexidos na actualidade e incorporados ao documento de revisión do Catálogo, achegándose ao presente documento a identificación dos elementos situados no ámbito da Modificación Puntual e aqueles respecto dos que se poida ver afectado o seu contorno de protección.

d) Adaptación ás previsións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia:

5. A referida Ordenanza municipal reguladora de protección do Patrimonio, establece que os edificios e conxuntos catalogados serán obxecto de protección de acordo coa ordenanza específica da zona onde se sitúan, consonte á lexislación vixente, clasificando a súa protección en integral e non integral.

   Respecto dos niveis de protección, o equipo redactor manifesta que non é obxecto da modificación: *non figura unha revisión completa, nin do normativo urbanístico, nin das ordenanzas reguladoras de protección do patrimonio histórico-artístico e etnográfico do planeamento vixente (POMR).*

   En todo caso, as intervencións autorizadas en función do nivel de protección dos bens serán as do artigo 42 da LPCG.

   Deberanse adaptar os niveis de protección, así como as obras permitidas, tipos de obras e criterios de intervención ao previsto na LPCG.

As intervencións autorizadas, niveis de protección, obras permitidas en cada un deles, tipos de obras e criterios de intervención correspondentes a cada ben catalogado ubicado no ámbito da Modificación Puntual (ó igual que con respecto dos restantes bens incluídos no documento de revisión do Catálogo), teñen sido articuladas seguindo as previsións do art. 40 e seguintes da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

e) Ficha da Escola Fogar Divino Maestro:

7. Tratará de ampliarse o contido da ficha da Escola Fogar Divino Maestro, atendendo ao expresado no punto 3 anterior. As obras permitidas e o nivel de protección adaptaranse aos definidos segundo o indicado no punto anterior. O nivel de protección do edificio principal non debería de ser inferior ao estrutural.

   ,O elemento protexido será toda a parcela a partir da cal se delimitará o contorno de protección do ben. Poderase propoñer a demolición dos volumes anexos, que segundo se explica, carecen de valores arquitectónicos e históricos; aínda que procede aclarar no apartado de observacións da ficha, que a súa demolición requirirá a previa presentación dun proxecto técnico, que o xustifique.

   Tamén se engadirá entre as condicións, que no caso de que en virtude da ordenanza de zona que lle asine o planeamento municipal, os volumes derrubados poidan ser substituídos ou incluso exista edificabilidade pendente de materializar, será previa autorización da Consellería de Cultura. Esta poderá condicionar os parámetros edificatorios,

   posto que non se formula unha revisión das ordenanzas de zona e o planeamento non está adaptado a lexislación do solo actual nin á recentemente aprobada, en materia de protección do patrimonio.

   Incluirase algunha fotografía dos elementos que é preciso conservar. Reitérase a necesidade de definir o contorno de protección do ben segundo o sinalado no punto 5, no plano da ficha e nos de ordenación, a unha escala adecuada.

O contido da ficha da “Escola Fogar Divino Maestro” ten sido adaptada ás previsións do apartado 3 e apartado 5 do Informe que nos ocupa, tendo sido delimitado como elemento protexido toda a parcela e establecendo as condicións que se indican no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

f) Ficha do “Gran Hotel”:

8. **Incluirase unha ficha de cada un dos elementos que se incorporen ao catálogo e reformularase a ficha do Gran Hotel e** o seu xardín, de xeito que o seu contido se adapte ao requirido no punto 3, considerando que todo este espazo é un elemento catalogado (inventariado segundo a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia) con elementos singulares dentro do ben protexido. Como xa se dixo, calquera proposta que se faga sobre este elemento, é **dicir o hotel, o xardín como espazo funcional propio e os outros elementos do patrimonio cultural situados neste** recinto, requirirán un coñecemento previo dos bens que o integran. Revisaranse os niveis **de protección atendendo ao expresado, e delimitarase o contorno de protección segundo o establecido no punto 5.**

Ao igual que no caso anterior, ao tratarse dun planeamento non adaptado, daráseile prioridade á protección do patrimonio, no caso de que as obras permitidas pola ordenanza supuxesen un menoscabo dos valores dos bens **catalogados.**

Reitérase que no tocante á introdución de novos usos na parcela, poderán permitirse aqueles que sexan compatibles coa protección do elemento e o mantemento dos seus valores, é dicir un edificio hoteleiro, cos seus anexos para usos complementarios, e un xardín para lecer da xente. Cuestiónase a procedencia do destino de parte da parcela a garaxe - aparcamento.

Un uso cultural para a creación do museo da auga non parece que xere unha afección negativa ao ben protexido, nin ao seu contorno de protección, mais o proxecto para o acondicionamento da antiga lavanderia, deberá ser autorizado no seu momento pola DXPC, tal é como se recolle na MP3.

Lémbrase que calquera proxecto que se desenvolva neste ámbito, contará coa autorización da Consellería de Cultura e deberá incluír as medidas necesarias para a conservación e recuperación dos elementos que teñen sido deteriorados, especialmente a reposición do arborado, a conservación de elementos catalogados individualmente e aqueles outros singulares que forman parte do conxunto, como é o caso das fiestras absidais, as bañeiras e calquera que conforme o carácter do xardín.

O contido da ficha do “Gran Hotel” e o seu xardín ten sido adaptada ás previsións do apartado 3 e apartado 5 do Informe que nos ocupa e establecendo as condicións que se indican no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Con respecto aos usos da parcela do Gran Hotel modifícase a redacción do apartado “4. Condicións de uso” da “Ordenanza 1. EDIFICACIÓNS PROTEXIDAS”, para adecualo ó establecido en dito apartado do Informe que nos ocupa, sendo a redacción resultante a seguinte:

> *“- A parcela do Gran Hotel ten unha superficie de 6.464,55 m² dos que se destinarán 2.253, 35 m² a reconstrución do Gran Hotel cun uso residencial, e o resto poderán ser utilizados <u>para usos compatibles coa protección do elemento e o mantemento dos seus valores sempre coa previa autorización da Consellería de Cultura.</u>”*

Eliminando a previsión anteriormente establecida relativa a:

> *“ en soto para uso garaxe-aparcadoiro.”*

g) Ordenanza en materia de cuberta e carpintarías:

9. O equipo redactor xustifica as propostas realizadas na *"Normativa ao respecto dos materiais de cuberta e carpintarías"*, en base ao recoñecemento da realidade existente e dos elementos merecedores de conservación ou protección e dos materiais característicos do municipio, detectados polo estudo realizado "en campo" para o documento do Modelo de Asentamento Poboacional (en diante MAP) recollido na Memoria Informativa da presente MP3. Incorpórase á Normativa as Condicións Xerais de Estética e Integración Ambiental para as distintas clases de solo (xa incluídas no documento anterior), que por si soas xa garanten, de modo xeral, calquera intervención distorsionadora da imaxe e do carácter propio de Mondariz-Balneario.

   O contido do documento sobre as cubertas e carpinterías é moi similar ao dos vistos ata agora. Se ben se inclúe un estudo do asentamento, os materiais e solucións propostas, son practicamente idénticos aos dos documentos anteriores. En definitiva, non se conclúe, deses materiais e solucións, cales son os adecuados.

   Polo tanto, parece que o máis axeitado é incluír na normativa unha remisión ao artigo 46 da LPCG, no que se establecen os criterios específicos de intervención no contornos de protección; engadindo que a Consellería de Cultura poderá condicionar o material e solución das cubertas e carpinterías, no caso de que considere que a proposta resulta incompatible coa protección dun ben.

Tense modificado a redacción do parágrafo segundo do apartado 1.4.1 da Ordenanza en materia de cuberta e carpintarías, para adecualo ó establecido en dito apartado do Informe que nos ocupa, sendo a redacción resultante, a seguinte:

> *"Tales condicións son de aplicación a tódalas actuacións suxeitas a licenza municipal e a comunicación previa. O Concello poderá requirir á propiedade dos bens urbanos para que execute as accións necesarias para axustarse ás condicións que se sinalan nestas Normas. As condicións estéticas regúlanse a través das presentes condicións xerais, da normativa das diferentes ordenanzas e da regulación do patrimonio cultural, ambientación natural e paisaxe, así como segundo o recollido no artigo 91 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe da Lei 2/2016 do 19 de febreiro do solo de Galicia. Debendo contarse con autorización previa da Consellería de Cultura para calquera intervención e cambio de uso substancial a realizar en Bens de Interese Cultural e bens catalogados, así como nos seus contornos de protección, nos termos do art. 39, art. 45 e art. 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. e atenderse ás previsións do art. 46 de dita norma no relativo á intervención nos contornos de protección, podendo condicionar a Consellería de Cultura o material e a solución das cubertas e carpinterías, no caso de que se considere que a proposta resulta incompatible coa protección dun ben".*

h) Peches de parcela:

10. Para os peches de parcela procede a mesma observación que a do apartado anterior. Identificaranse na cartografía os muros tradicionais existentes.

    Deberían establecerse determinacións concretas cara a protección dos muros tradicionais de peche de fincas, para evitar a súa desaparición, así como con carácter xeral, especialmente o solo rústico, a ampliación de camiños que afecten a elementos de interese etnográfico (hórreos, muíños, canles, fontes, emparrados, muros e valos tradicionais, cómaros...) e o arboredo autóctono, especialmente as ringleiras de árbores que dean a camiños ou que separen fincas.

O segundo parágrafo do apartado 1.5.3 da Ordenanza de peches de parcelas, se redacta do seguinte modo:

> *"Debendo contarse con autorización previa da Consellería de Cultura para calquera intervención e cambio de uso substancial a realizar en Bens de Interese Cultural e bens catalogados, así como*

nos seus contornos de protección, nos termos do art. 39, art. 45 e art. 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia e atenderse ás previsións do art. 46 de dita norma, no relativo á intervención nos contornos de protección, podendo condicionar a Consellería de Cultura o material e a solución dos peches, no caso de que se considere que a proposta resulta incompatible coa protección dun ben".

Eliminando a previsión anteriormente establecida relativa a:

"No caso de tratarse de peches de nova creación ou ben de reparación, ampliación, reforma ou mantemento de peches existentes en edificacións catalogadas, será preceptivo o informe favorable da Consellería delegada en materia de protección do patrimonio".

Na cartografía da Modificación Puntual Nº 3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario se identificaron os muros tradicionais existentes no ámbito.

As determinacións establecidas con respecto da protección dos muros tradicionais de peche de fincas inclúense o apartado 1.5.19 no punto 1.5. CONDICIÓNS DE REGULARIZACIÓN DE PECHES DE PARCELAS, contemplando o seguinte:

"1.5.19. Protección de muros tradicionais de peches de fincas.

Os muros tradicionais de peches de fincas, xunto cos portelos que, no seu caso, puideran incluír, deberán ser conservados na súa integridade, agás que o planeamento estableza excepcionalmente solucións distintas suficientemente detalladas e xustificadas. Os propietarios deberán mantelos en boas condicións estruturais, quedando expresamente prohibido o seu derrubamento ou substitución por muros de materiais prefabricados sen a autorización expresa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia."

Polo que respectaría á ampliación de camiños inclúense o apartado 1.5.20 no punto 1.5. CONDICIÓNS DE REGULARIZACIÓN DE PECHES DE PARCELAS, contemplando o seguinte:

"1.5.20. Ampliación de camiños no contorno dos elementos protexidos.

Con carácter xeral, e en especial no solo rústico, non se poderán ampliar os camiños no contorno dos elementos de interese etnográfico e nas zonas onde exista arboredo autóctono, especialmente nas ringleiras de árbores que dean a camiños ou que separen fincas sen a previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia."

i) Introdución de novos usos:

11. No tocante á introdución de novos usos, no informe anterior indicábase que *se debería realizar unha análise sobre os elementos protexidos que se verían afectados por esta MP, como a Escola Fogar Divino Maestro ou áreas pertencentes á parcela do Gran Hotel, e sobre os efectos que o dito modificación podería ter sobre eles.* Porén, outros elementos catalogados poderían verse igualmente afectados, polo que, ao non dar resposta ao requirido, deberá incluírse na regulación a este respecto, que a Consellería de Cultura poderá limitar aqueles usos que, aínda que estean entre os permitidos pola ordenanza, non sexan compatibles coa protección do elemento e co mantemento dos seus valores.

O establecido en dito apartado do Informe que nos ocupa tense engadido como penúltimo parágrafo do apartado "4. Condicións de uso" da "Ordenanza 1. EDIFICACIÓNS PROTEXIDAS", contemplando:

"A Consellería de Cultura poderá limitar aqueles usos que, aínda que estean entre os permitidos pola ordenanza, non sexan compatibles coa protección do elemento e co mantemento dos seus valores".

E, igualmente, como penúltimo parágrafo do apartado "4. Condicións de uso" da "Ordenanza 2. CONTORNOS DE EDIFICACIÓNS PROTEXIDAS", como penúltimo parágrafo do apartado "5. Condicións de uso" da "Ordenanza 7. HOTEIS", como penúltimo parágrafo do apartado "5. Condicións de uso" da "Ordenanza 8. DOCENTE" e como segundo parágrafo no apartado 4 da "Ordenanza 6.5 EQUIPA MENTO CULTURAL MUSEO DA AUGA".

j) Limitación de condicións en bens catalogados:

12. Deberia sinalarse expresamente que as condicións de ocupación, volume e forma da edificación establecidas nas respectivas ordenanzas poderán limitarse sobre os bens catalogados, debendo manterse ou recuperarse, segundo proceda, as súas condicións orixinais, quedando condicionada calquera ampliación ou actuación, mesmo o aproveitamento urbanístico, que poida derivarse da aplicación da ordenanza respectiva ao previsto na normativa de protección, na ficha correspondente do Catálogo e, en todo caso, ao mantemento dos valores polos que mereceu a súa protección.

O establecido en dito apartado do Informe que nos ocupa tense engadido como último parágrafo do apartado "4. Condicións de uso" da "Ordenanza 1. EDIFICACIÓNS PROTEXIDAS", contemplando:

"As condicións de ocupación, volume e forma da edificación establecidas nesta ordenanza poderán limitarse sobre os bens catalogados, debendo manterse ou recuperarse segundo proceda, as súas condicións orixinais, quedando condicionada calquera ampliación ou actuación, mesmo o aproveitamento urbanístico, que poida derivarse da súa aplicación ao previsto na normativa de protección, na ficha correspondente do Catálogo e, en todo caso, ao mantemento dos valores polos que mereceu a súa protección.".

E, igualmente, como último parágrafo do apartado "4. Condicións de uso" da "Ordenanza 2. CONTORNOS DE EDIFICACIÓNS PROTEXIDAS", como último parágrafo do apartado "5. Condicións de uso" da "Ordenanza 7. HOTEIS", como último parágrafo do apartado "5. Condicións de uso" da "Ordenanza 8. DOCENTE" e como terceiro parágrafo no apartado 4 da "Ordenanza 6.5 EQUIPAMENTO CULTURAL MUSEO DA AUGA".

k) Ampliación ou transición entre os núcleos de San Pedro e Escobeiro:

13. Con respecto á ampliación ou transición entre os núcleos de San Pedro e Escobeiro, coa documentación aportada non se pode avaliar a incidencia sobre o patrimonio cultural. Ademais da identificación dos elementos que o conforman, no ámbito da ampliación e no contorno do mesmo; deben establecerse as medidas de protección necesarias sobre os mesmos. Elaborarase un catálogo, determinaranse os contornos de protección dos bens do citado catálogo e, indicaranse de xeito concreto, que ordenanzas serán de aplicación e cales son as medidas propostas para a correcta protección dos bens patrimoniais. Todo isto, sobre unha planimetría a escala adecuada para facilitar a comprensión de ditas afeccións e permita concretar as medidas protectoras e correctoras no texto normativo.

Teñen sido incluídos no documento de revisión do Catálogo os bens de patrimonio cultural existentes na zona de ampliación ou transición entre os núcleos de San Pedro e Escobeiro, establecéndose ordenanzas de aplicación, medidas de protección e determinación dos

contornos de protección, que se inclúen no catálogo anexo da documentación da Modificación Puntual Nº3 do Proxecto de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz-Balneario, sendo tales bens, os seguintes:

- A_016. Capela do San Pedro.
- A_035. Casa con portalón monumental.
- E_009. Canastro tradicional.
- E_010. Muiño de González Blanco.
- E_016. Calvario das Pedras.
- E_017. Portalón monumental.
- E_021. Fonte do Souto de Abaixo.
- E_023. Portalón monumental, pombal e hórreo.
- E_025. Muiño das Pedras.
- E_026. Fonte de Bouzavedra.
- E_029. Muiño da Rateira.
- E_032. Portalón monumental.
- E_033. Portalón monumental e barral.
- E_049. Canastro tradicional.
- E_050. Canastro tradicional.
- E_051. Canastro tradicional.
- E_052. Canastro tradicional.
- E_053. Canastro tradicional.
- E_054. Canastro tradicional.
- E_055. Canastro tradicional.
- E_056. Canastro tradicional.
- E_067. Canastro tradicional.

l) Autorizacións previas da Consellería competente en materia de patrimonio cultural:

14. En relación ás autorización previas da consellería competente en materia de patrimonio cultural, recoméndase incluír unha referencia ao previsto nos artigos 39, 45 e 65 da LPCG, nos que se establece a necesidade de autorización previa para calquera intervención e cambios de uso substanciais nos bens de interese cultural e catalogados así como as intervencións que requiren a autorización previa nos contornos de protección dos bens.

O establecido en dito apartado do Informe que nos ocupa tense engadido dentro do penúltimo parágrafo do apartado “4. Condicións de uso” da “Ordenanza 1. EDIFICACIÓNS PROTEXIDAS”, contemplando:

“Debendo contarse con autorización previa desta para calquera intervención e cambio de uso substancial a realizar en Bens de Interese Cultural e bens catalogados, así como nos seus

contornos de protección, nos termos do art. 39, art. 45 e art. 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia".

E, igualmente, dentro do penúltimo parágrafo do apartado "4. Condicións de uso" da "Ordenanza 2. CONTORNOS DE EDIFICACIÓNS PROTEXIDAS", dentro do penúltimo parágrafo do apartado "5. Condicións de uso" da "Ordenanza 7. HOTEIS", dentro do penúltimo parágrafo do apartado "5. Condicións de uso" da "Ordenanza 8. DOCENTE", dentro do segundo parágrafo do apartado 4 da "Ordenanza 6.5 EQUIPAMENTO CULTURAL MUSEO DA AUGA", no segundo parágrafo do apartado 1.4 da Ordenanza en materia de cubertas e carpintarías e no segundo parágrafo do apartado 1.5.3 da Ordenanza de peches de parcelas.

Vigo, a 14 de febreiro do 2018

Asdo. Calixto Escariz Vázquez

Director do equipo redactor